




ESTRATEGIA PAISAXE GALEGA



PLANIFICACIÓN
2014-2016

Equipo de redacción:

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Manuel Borobio Sanchiz

María Dolores Méndez Torres

Alfredo Fernández Ríos

José Luís Álvarez Vicente

Colaboradores

Marcos Pérez Gulín (Fundación Galicia Sustentable)

Francisco Castillo Rodríguez

Melania Payán Pérez

Edita:

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
Santiago de Compostela, 2014

Depósito Legal: C-0052-2015

Índice

1.– Introducción.....	4
2.– Diagnose da situación actual	6
3.– Antecedentes: Balance da primeira Estratexia da Paisaxe Galega	8
3.1. Elaboración dos instrumentos de Protección, ordenación e Xestión das Paisaxes.....	9
3.2. As estratexias de integración paisaxística.....	10
3.3. Sensibilización, formación e divulgación da paisaxe.	11
4.– Principios e obxectivos.....	12
5.– Destinatarios	13
6.– O Plan Operativo	14
6.1. Introducción	14
6.2. Desenvolvemento dos obxectivos xerais.	16
6.2.1. OX01.- Identificar e caracterizar os valores e as potencialidades da paisaxe de Galicia cara a súa protección e xestión.	17
6.2.2. OX02.- Potenciar a integración e a consideración da paisaxe na acción do Goberno.....	21
6.2.3. OX03.– Avanzar na formación técnica e profesional en particular, e na concienciación social en xeral.	27
7.– Aspectos que incidirán nunha maior satisfacción dos cidadáns	32
8.– Conclusións.....	32

1. INTRODUCCIÓN

O 20 de outubro do ano 2000, España asinaba en Florencia o **Convenio Europeo da Paisaxe (CEP)**. Este recoñeceu xuridicamente o dereito da cidadanía a gozar da paisaxe como compoñente do seu benestar e calidade de vida. Á luz deste Acordo Internacional, as paisaxes eríxense nunha ferramenta útil para intervir na complexidade actual da gobernanza do territorio, en especial para contribuír na preservación dos seus aspectos patrimoniais, naturais e culturais, e para acadar unha maior coherencia nas políticas territoriais. De acordo co exposto no artigo 4 do CEP cada Estado aplicará o Convenio segundo o seu propio reparto de competencias, de conformidade cos seus principios constitucionais e a súa organización administrativa, e respectando o principio de subsidiariedade, tendo en conta a Carta Europea de Autonomía Local.

Trala ratificación do Convenio e a súa entrada en vigor en todo o territorio español, con data 1 de marzo de 2008, a **Comunidade Autónoma de Galicia** procedeu a regular a materia da paisaxe, conforme ao seu ámbito competencial establecido nos artigos 27.3 e 27.30 do Estatuto de autonomía de Galicia, referentes ás competencias exclusivas da comunidade galega nas materias de ordenación do territorio, urbanismo e vivenda e ás normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución española. O resultado foi a **Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da Paisaxe de Galicia**.

A consideración da paisaxe constitúe unha ferramenta útil para intervir na gobernanza integral do territorio.

Consegue aunar na xestión de todos os actores as complexas relacións e dinámicas do territorio coas aspiracións da sociedade.

Definición da Paisaxe recollida na Lei:

“Calquera parte do territorio tal e como a percibe a poboación, cuxo carácter será o resultado da acción e da interacción de factores naturais e humanos”

Sen dúbida, a sociedade é consciente do valor da paisaxe galega: hai unha idea común de beleza, de singularidade, de riqueza ambiental inherente ao noso territorio e á nosa paisaxe. Pero nas últimas décadas houbo moitos exemplos desafortunados de estragos no territorio, de desfeitas que nunca terían que ter acontecido.

Para loitar contra o maltrato ao territorio e evitar que se dean esas situacións que a todos chaman a atención e que popularmente denominouse “feísmo”, é importante, contar cunha estratexia sobre a paisaxe que, en desenvolvemento das Directrices de Ordenación do Territorio aprobadas no ano 2011, permitan acadar, por un lado, **unha normativa** que deixe claro o que non se pode facer e como facer o que si se pode; e, por outra banda, a **sensibilización, a concienciación** e a formación cara a o mellor **coñecemento** dos valores e identidade da nosa paisaxe.

Dende o ano 2011, a CMATI está a desenvolver unha Estratexia da Paisaxe de Galicia e acomete a súa revisión neste ano 2014, cara a posta en valor, protección e recuperación da paisaxe. Trátase dunha política transversal a todos os departamentos que se alongará durante toda a lexislatura incidindo en accións que acaden unha nova sensibilidade para construír a Galicia do futuro, a terra, o territorio e a paisaxe que queremos deixarlle ás xeracións vindeiras. A Galicia do futuro constrúese agora e é unha tarefa de todos, porque todos somos paisaxe.

O desenvolvemento das competencias en materia da paisaxe da Xunta de Galicia é levado a cabo polo Instituto de Estudos do Territorio, que asume as labores do observatorio galego da paisaxe.

O goberno galego coa experiencia adquirida dende o ano 2009, e conforme ao establecido na Estratexia da Paisaxe no ano 2011, propón esta folla de ruta, para acadar un desenvolvemento efectivo do mandato da Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe de Galicia.

Sendo a prioridade, nesta nova fase a implicación corresponsable e activa da sociedade Galega.

2. DIAGNOSE DA SITUACIÓN ACTUAL

En Galicia temos unha paisaxe excelente desde todos os puntos de vista e se ben é certo que na maior parte das zonas rurais pódese cualificar como excepcional, en determinados lugares existen degradacións ou impactos paisaxísticos sobre os que cómpre actuar, e cuxas principais causas pódense resumir, dun xeito non exhaustivo, nas seguintes:

1. **Abandono do mundo rural.** O abandono da actividade agrícola e gandeira, provoca que os cultivos sexan substituídos por matogueiras, os prados se cubran por novos usos forestais e os asentamentos perdan vida.
2. **Novos modos de explotación.** Os cambios na intensidade das explotacións dos recursos naturais, como poden ser: a explotación forestal, coa introdución de especies máis rendibles non autóctonas como o eucalipto, ou as actividades extractivas, como as canteiras ou as minas a ceo aberto.
3. **Un desenvolvemento urbanístico desordenado (urbanización difusa).** Os desenvolvementos urbanos desde os anos 60 tiveron lugar, moitas veces, sen planeamento urbanístico ou con plans insuficientes na súa comprensión da complexidade do modelo tradicional de organización do territorio, provocando a aparición de vivendas fora dos asentamentos e unha incorrecta ordenación dos propios núcleos, por exemplo coa incorporación de tipoloxías arquitectónicas importadas non integradas nin na cultura, nin no lugar. Así como a ocupación ou planificación de novos espazos, sen ter concluídos os espazos interiores das tramas.
4. **Usos artificiais/non axeitados do territorio.** Desenvolvéronse superficies comerciais e industriais unicamente dende o criterio da súa funcionalidade intrínseca, sen unha adecuada reflexión das consecuencias na accesibilidade e mobilidade no territorio que as acolle, deixando ademais de lado a calidade perceptual.
5. **A construción de infraestruturas sen unha consideración integradora da paisaxe desde a mesma concepción do proxecto.**
6. **Falta de educación e sensibilidade.** Falta a formación técnica cualificada para manter o equilibrio entre a eficiencia ambiental e a cohesión social nos proxectos territoriais. Tamén, en ocasións falta unha sensibilidade social e un compromiso real dos técnicos que interveñen no territorio.

Por tanto, dada a calidade que con carácter xeral ten a Paisaxe de Galicia, no marco da política territorial iniciada coa

A Convención europea da paisaxe introduce a idea innovadora, dende o punto de vista xurídico e político, de que cada territorio se manifesta na especificidade da súa paisaxe, independentemente da súa calidade e do aprecio que merece.

aprobación da Lei 7/2008 e as DOT, a Xunta de Galicia intervéñ sobre as anteditas causas co fin preservar e potenciar os valores da paisaxe de Galicia, xa sexan valores tanxibles (como os ecolóxicos, históricos ou produtivos) ou valores intanxibles (como os identitarios, culturais ou estéticos).

Non hai dúbida ningunha de que a paisaxe merece un intenso e continuado esforzo por parte das administracións públicas e os actores privados, encamiñados á súa protección, xestión e ordenación coa finalidade de lograr unha paisaxe de maior calidade. Así mesmo, queda clara a relevancia da paisaxe como recurso para o desenvolvemento económico, xa non só dende o punto de vista turístico, senón tamén dende a súa consideración como un ecosistema produtivo, dende o enfoque social e ambiental, enmarcándose nos eixos das DOT da eficiencia ambiental e a cohesión social. A calidade da paisaxe e da integración das nosas intervencións no territorio é un indicador do comportamento da sociedade, a súa xestión e ordenación son un factor clave na competitividade global dende a identidade local.

Esta intervención vense plasmando en diferentes accións das que cabe salientar a aprobación do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (febreiro 2011), e o desenvolvemento da primeira Estratexia da Paisaxe de Galicia (agosto 2011).



Vista da situación actual da paisaxe urbana da cidade de Vigo e o seu contorno

A extraordinaria riqueza e diversidade das paisaxes galegas constitúe un valioso patrimonio, non só polo seu valor patrimonial, senón tamén por ser un indicador da saúde ecolóxica dos nosos territorios e da nosa calidade de vida.

En definitiva, os seres humanos expresámonos na paisaxe e nela é posible ler o triunfo ou o fracaso das nosas accións.

Por iso o compromiso que se adquire con esta Estratexia abrangue a todas as administracións, os axentes sociais e económicos e á cidadanía en xeral.

3. ANTECEDENTES: BALANCE DA PRIMEIRA ESTRATEXIA DA PAISAXE GALEGA

O desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia iniciouse co exercicio da competencia sectorial en materia de paisaxe, mediante a intervención por medio de informes nos procedementos de avaliación de impacto ambiental de proxectos e de avaliación ambiental estratéxica de plans, aos que despois uniríanse os informes sobre a integración paisaxística de usos cualificados polo Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL) como compatibles.

Amais desta función preventiva básica para a integración paisaxística das actuacións sobre o territorio, a elaboración do POL supuxo o primeiro desenvolvemento proactivo da Lei 7/2008, do 7 de xullo, ao integrar a paisaxe como ferramentas de análise e recoñecemento territorial.

A partir deste antecedente, púxose en marcha a primeira Estratexia da paisaxe galega en agosto de 2011, un conxunto de accións e medidas para integrar a paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, e nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais e económicas, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.

Estas accións responderon a 3 tipos fundamentais:

1. A elaboración dos instrumentos de protección, ordenación e xestión das paisaxes
2. As Estratexias de integración paisaxística
3. Sensibilización, Formación e Divulgación da Paisaxe

A continuación resúmese o seu balance.

O primeiro fito foi o Mapa das Grandes Áreas Paisaxísticas de Galicia, no que foron delimitadas 12 grandes áreas, e se identificaron 50 comarcas paisaxísticas. Este mapa constitúe o almacén desde o que se comezarían a elaborar os diferentes catálogos e directrices da paisaxe.

3.1. ELABORACIÓN DOS INSTRUMENTOS DE PROTECCIÓN, ORDENACIÓN E XESTIÓN DAS PAISAXES.


Contratáronse os traballos de análise e diagnose paisaxística para tres das 50 comarcas (Deza, Costa da Morte e Fosa de Ourense), co obxectivo de que serviran de experiencia piloto para a redacción de catálogos de paisaxe. Dos tres alcanzouse a aprobación definitiva do Catálogo da Paisaxe da Comarca Paisaxística de Deza, o cal foi aprobado polo Consello da Xunta mediante o Decreto 171/2012, do 1 de agosto (DOG do 17/08/2012), de acordo coas especificacións do artigo 9 da Lei 7/2008.

Nesta experiencia, na que aplicamos métodos ensaiados noutras comunidades europeas, púxose de manifesto a complexidade para abarcar un territorio como o Galego, non só dende a súa dimensión territorial, senón tamén no tempo necesario para recompilar toda a información necesaria.

Así a duración na elaboración do Catálogo dunha soa comarca foi dun ano e o esforzo desta fase de análise en recursos e tempo foi moi significativa, especialmente considerando a súa extrapolación ás 49 comarcas restantes. Ademais vimos a necesidade de non facer os procesos dun xeito illado senón postos en relación entre eles, e conscientes de que o Catálogo era o primeiro dos dous instrumentos que contempla a nosa lei para a protección e xestión efectiva das paisaxes.

O balance destas accións resultou na necesidade de formular outra metodoloxía operativa para acadar a elaboración dos Catálogos e Directrices da paisaxe de Galicia. Os recursos e o prazo dedicados a un só Catálogo amosaban inviable a planificación e elaboración de 50 instrumentos de cada tipo. Esta nova metodoloxía recóllese na presente estratexia como Atlas das Paisaxes de Galicia, no que estamos traballando desde finais do ano 2013 e que é un dos elementos máis innovadores desta estratexia, pois se enfronta ao reto de alcanzar as Directrices de paisaxe de Galicia, conscientes da súa Complexidade Territorial, non máis aló do ano 2016.

Por outra parte quedaron pendentes de elaboración os Plans de acción das áreas protexidas, pois para levalos a cabo primeiro é necesario ter tanto os Catálogos como as Directrices da Paisaxe.



Portada do Catálogo da Paisaxe da Comarca Paisaxística de Deza >


3.2. AS ESTRATEXIAS DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co recollido nas DOT e o POL, elaboráronse as seguintes guías e manuais:

- a. **Guía para a elaboración de Estudos de Impacto e Integración Paisaxística:** marco metodolóxico para os profesionais que teñan que elaborar e/ou avaliar un Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP) na Comunidade Autónoma Galega. O criterio empregado na súa redacción foi o de realizar un documento sólido metodoloxicamente, á vez que sinxelo na súa lectura, como ferramenta clarificadora e definitoria na preservación da paisaxe.
- b. **Guía de boas prácticas de intervención en materia de acuicultura litoral:** introduce aos responsables do desenvolvemento do sector acuícola nos criterios de sustentabilidade e integración paisaxística á escala de proxecto, co fin de facilitar a análise e a valoración dos retos que afronta hoxe en día o desenvolvemento da acuicultura litoral, de tal forma que podan ser considerados desde as fases iniciais de concepción de cada proxecto coa finalidade de ampliar as posibilidades de mitígalos ou eliminalos. Foi elaborada de forma coordinada coa Consellería de Medio Rural e Mar.
- c. **Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais:** co obxecto de orientar as estratexias de ordenación do territorio e a integración paisaxística, realiza a identificación, caracterización e análise dos núcleos en clave de sustentabilidade e integración paisaxística. As diferentes formas de agrupación poboacional que podemos atopar no medio rural galego son moi dispares en función, entre outras razóns, da diversidade xeográfica do territorio. O abano tipolóxico abrangue desde a aldea concentrada das áreas montañosas ata ás realidades ocupacionais de novo cuño nas periferias urbanas.

Publicouse recentemente o **Manual de boas prácticas de intervención nos sistemas praia-duna** (d), previsto no POL, e está a piques de ser rematada a **Guía de criterios de integración paisaxística de parques eólicos**. Logo do convenio asinado coa Escola Galega da Paisaxe, abórdase un estudo para o conxunto do territorio galego dos **peches de fincas en solo rústico**, que se incluírá no Atlas das Paisaxes.

Neste eido o balance foi positivo e serviu para afianzar a ruta de traballo formulada de cara a seguintes fases. A liña editorial de Paisaxe Galega convértese así na nova fase da Estratexia nun dos alicerces básicos, pois afianza criterios pero sobre todo clarifica os conceptos, garantindo unha maior seguridade xurídica aos cidadáns e os axentes socioeconómicos.



Portadas das guías publicadas ata o momento (a, b, c, d) >

3.3. SENSIBILIZACIÓN, FORMACIÓN E DIVULGACIÓN DA PAISAXE

No plan de innovación docente “Plan Proxecta” liderado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, destinado a todos os niveis educativos, integráronse os programas Axenda XXI escolar e 12 meses-12 paisaxes coa marca “Paisaxe Galega”. Este último programa de 12 meses 12 paisaxes foi recoñecido no 2014 polo programa Hábitat de Nacións Unidas como *Good practice* no concurso internacional de Dubai para a mellora das condicións de vida dende o respecto polo medio ambiente e o territorio.

Respecto á formación de técnicos especialistas desenvolvéronse, en colaboración con organismos como a Fundación Juana de Vega, o CEIDA ou a FEGAMP, diversas actividades formativas, entre as que cómpre destacar o Obradoiro internacional de Paisaxe celebrado en Lalín no verano de 2013, e o Obradoiro internacional de Paisaxe celebrado en Sada.

Por outro lado cómpre destacar tamén a colaboración no Programa conCIENCIA da Fundación Eduardo Pondal de Ponteceso.



Imaxes dun evento do programa 12 meses 12 paisaxes (esquerda) e dunha actividade formativa para técnicos especialistas (dereita)

O programa 12 meses 12 paisaxes foi recoñecido no 2014 polo programa Hábitat de Nacións Unidas como GOOD PRACTICE no concurso internacional de Dubai para a mellora das condicións de vida dende o respecto polo medio ambiente e o territorio.



No curso 2012-2013 os devanditos programas integráronse no plan de innovación docente “Plan Proxecta” liderado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Nel participaron máis de 900 alumnos de 21 centros.

No curso 2013-2014 inscribíronse 44 centros e participaron preto de 370 profesores e 6.000 alumnos (323 aulas).

4. PRINCIPIOS E OBXECTIVOS

De acordo co establecido na Lei 7/2008 e nas DOT, o fin principal da Estratexia é a consideración da paisaxe cara a súa integración en todas as políticas territoriais e sectoriais da Xunta de Galicia, para a súa protección, xestión e ordenación. Isto levará á procura da coherencia e complementariedade das accións do goberno, así como dun pacto coa sociedade pola nosa paisaxe. Así, o artigo 2 da Lei establece que os principios que a inspiran e que deben rexer as actuacións dos poderes públicos en materia de paisaxe baséanse nos contidos do Convenio europeo da paisaxe, asinado en Florencia por proposta do Consello de Europa o 20 de outubro de 2000, e demais convenios internacionais vixentes na materia, e engade que estes principios inspiradores son:

- a. Recoñecer xuridicamente a paisaxe, como elemento importante do noso contorno e do benestar humano, indicador da calidade de vida das persoas e compoñente fundamental do patrimonio natural e cultural de Galicia, expresión da nosa identidade propia.
- b. Defender e preservar a paisaxe, favorecendo unha relación harmónica e respectuosa entre a xente e o seu contorno, e promovendo un uso racional e ordenado do territorio, que teña en conta os valores naturais e culturais das paisaxes.
- c. Ás persoas que viven nas zonas de especial interese paisaxístico recoñéceselles o dereito a un desenvolvemento económico, cultural e social, equilibrado e sostible.
- d. Deseñar e aplicar políticas destinadas á protección, xestión e ordenación da paisaxe, integrando estas políticas nas de protección ambiental, de ordenación territorial e urbanística, en materia cultural, turística, agraria, social ou económica, e naquelas outras que poidan ter un impacto directo ou indirecto sobre as paisaxes.
- e. Fomentar a coordinación e a colaboración entre as distintas administracións públicas en materia de paisaxe.
- f. Establecer mecanismos de participación social na toma de decisións e na definición das políticas de paisaxe, sinaladamente coas entidades locais.
- g. Fomentar a sensibilización da sociedade galega no referente ao valor da paisaxe, da súa importancia e das súas funcións, e dos procesos de transformación que están a acontecer.
- h. Promover o estudo e a formación en materia de paisaxe, desenvolvendo actividades específicas sobre a importancia, protección, xestión e ordenación da paisaxe.

Estes principios consolidan neste nova etapa da Estratexia da paisaxe nos seguintes obxectivos xerais:

- 1. Identificar e caracterizar os valores e as potencialidades da paisaxe de Galicia cara a súa protección e xestión.**
- 2. Potenciar a integración e a consideración da paisaxe na acción do Goberno.**
- 3. Avanzar na formación técnica e profesional en particular, e na concienciación social en xeral.**

Cada un deste obxectivos concrétnanse nas liñas de acción do plan operativo que acompaña o presente documento. Dito plan concreta as ferramentas, accións e medidas a desenvolver para acadar ditos obxectivos, así como o axente que debe lideralo.

5. DESTINATARIOS

Na liña do apartado anterior, no marco da gobernanza e corresponsabilidade, agrupamos os destinatarios do seguinte modo:

- 1. Os departamentos da propia administración da Xunta de Galicia**, comezando pola CMATI e aquelas con unha especial incidencia sobre o territorio, xa sexa directa ou indirectamente.
- 2. As administracións locais**, especialmente na materia de infraestruturas e planeamento urbanístico.
- 3. Sector empresarial e profesional**
- 4. A sociedade galega en xeral.**

A intervención de cada un destes destinatarios se detallará en cada acción do plan operativo, non obstante non pretende determinar un ámbito de responsabilidade concreto para cada un deles, máis ben procura facilitar que cada un deles asuma o liderado de ser o caso. Neste senso, o importante é a coordinación, que todos traballen polo mesmo obxectivo e cos mesmos fundamentos básicos, aportando en cada caso o coñecemento máis preciso e idóneo para a protección, xestión e ordenación das nosas paisaxes.

6. O PLAN OPERATIVO

6.1. INTRODUCCIÓN

A estratexia desenvólvese mediante un conxunto de liñas operativas, proxectos e obxectivos específicos agrupados para dar a mellor resposta posible aos obxectivos xerais xa propostos.

A grandes trazas, as principais novidades respecto á Estratexia do ano 2011 residen en:

- O Atlas das Paisaxes de Galicia para a elaboración dos Catálogos e Directrices da Paisaxe, os principais instrumentos de planificación e xestión da paisaxe definidos na Lei 7/2008. Unha aposta metodolóxica innovadora no eido da participación cidadá, a cal aspira a facela viable no horizonte do presente período lexislativo.
- A coordinación e integración das distintas políticas sectoriais a través dos distintos instrumentos e proxectos con incidencia na paisaxe que está a realizar o goberno galego.
- A consolidación e mellora das accións de sensibilización, formación e divulgación, outorgándolles un maior protagonismo en recursos e recoñecemento. Sendo neste eido a máis significativa o deseño dun ciclo formativo superior que se poñerá en marcha en colaboración coa EGAP e a Consellería de Educación, na formación de técnicos.

O primeiro obxectivo xeral exposto é **“Identificar e caracterizar os valores e as potencialidades da paisaxe de Galicia cara a súa protección e xestión”**. Para alcanzalo expónse a elaboración do “Atlas das Paisaxes de Galicia”.

Este atlas concíbese como a referencia na definición xeral do carácter e valor da nosa paisaxe, constituíndo, nun primeiro lugar, o **Catálogo das Paisaxes de Galicia**.

Ademais poñerase en marcha un proceso de participación cidadá sen precedentes na nosa comunidade no que se identificarán os principais entes e axentes sociais de cada territorio, coa finalidade de definir os obxectivos de calidade paisaxística que nos permitirá elaborar as **Directrices da Paisaxe de Galicia**. Estas directrices conterán as pautas de intervención xeral en cada tipo de paisaxe identificada e consensuada durante o proceso de participación, así como os criterios de actuación naqueles lugares ben de especial valor ou degradados.

Tendo clara a riqueza paisaxística de Galicia, a súa variedade tipolóxica, os seus valores, os espazos de especial interese ou o inventario das zonas máis degradadas e, por outra banda, as directrices cos criterios xerais de actuación, poderemos potenciar con maior eficacia a súa integración nas accións de goberno.

É aí onde xorde o segundo obxectivo **“Potenciar a integración e a consideración da paisaxe na acción do Goberno”** que se desenvolverá a través de dúas liñas estratéxicas. A primeira delas contempla a elaboración de ferramentas de referencia para o desenvolvemento de actuacións técnicas, como as xa elaboradas para o sector da acuicultura, para a delimitación de núcleos ou para o sector eólico, ou mediante a revisión das normas existentes como a que estase a facer na **Nova Lei do Solo, na que se introducirán medidas específicas conforme a nosos valores paisaxísticos, especialmente para a regulación do solo rústico de especial protección paisaxística**. A segunda delas, realizarase mediante o deseño de instrumentos de xestión e acción como os xa postos en marcha, nos que se integrarán a maiores os criterios de integración paisaxística nos pregos de condicións que rexerán a execución das obras e accións financiadas.

En todo caso, calquera acción levada a cabo ten necesariamente que contar co coñecemento e compromiso da sociedade galega. Para iso, propónse o desenvolvemento do terceiro obxectivo xeral **“Avanzar na formación técnica e profesional en particular, e na concienciación social en xeral”**, que non é outra cousa que consolidar na educación básica e profesional a formación en materia de Paisaxe, para iso potenciarase a formación de técnicos e profesionais, o desenvolvemento do Plan Proxecta e a activación de liñas de voluntariado. Todas elas acompañadas dun plan para a xeración de materiais didácticos que fagan comprensibles os conceptos sobre os que estamos a traballar.

A continuación, desenvólvese cada unha destas liñas operativas cos proxectos propostos para cada unha delas, así como os obxectivos específicos que se pretenden alcanzar en cada caso.

6.2. DESENVOLVEMENTO DOS OBXECTIVOS XERAIS

O desenvolvemento dos obxectivos xerais formúlase conforme ao seguinte esquema:

OX01- Identificar e caracterizar os valores e as potencialidades da paisaxe de Galicia cara a súa protección e xestión

LO01 Atlas das paisaxes

OX02- Potenciar a integración e a consideración da paisaxe na acción do Goberno

LO02 Elaboración de ferramentas de referencia e revisión de normas

LO03 Integración nos instrumentos de acción ou execución

OX03- Avanzar na formación técnica e profesional en particular, e na concienciación social en xeral

LO04 Educación

LO05 Voluntariado

LO06 Divulgación e concienciación

6.2.1. OX01- Identificar e caracterizar os valores e as potencialidades da paisaxe de Galicia cara a súa protección e xestión.

O primeiro paso necesario para xestionar e protexer algo é coñecelo e implicar a todos os axentes que operan nel cara á súa mellor xestión. Por iso propónse a posta en marcha da liña operativa do atlas das paisaxes.

LO01. Atlas das paisaxes de Galicia

Baixo esta liña operativa se propón acometer a realización conxunta dos catálogos de todas as grandes áreas paisaxística nun só Catálogo das paisaxes de Galicia. Esta opción permitiría acadar a aprobación deste Catálogo para todo o territorio de Galicia nun prazo asumible e a continuación, na mesma liña estratéxica, abordar a definición das directrices da paisaxe de Galicia, acadando así o desenvolvemento efectivo da Lei 7/2008, do 7 de xullo.

O atlas das paisaxes partirá dun documento de carácter académico e científico, que será sometido a un proceso de **discusión e debate nun panel de expertos**, para logo nutrirse das achegas durante un período de información pública que virá acompañado de **xornadas informativas e sesións de traballo** de cada unha das 50 comarcas paisaxísticas.

Ademais, desenvolverase paralelamente un programa de accións inspirador e de divulgación para favorecer a participación efectiva e corresponsable tanto, para a elaboración do Catálogo, como no **posterior proceso de participación das Directrices de paisaxe**.

Este segundo proceso **suporá a maior aposta realizada ata o momento por un goberno rexional** para acadar a proximidade necesaria que propicie a implicación dos axentes sociais e a cidadanía na definición dos obxectivos de calidade paisaxística do seu territorio. Trátase da realización de **eventos presenciais**, que contará con profesionais con experiencia na materia, e que aspirará a contactar e motivar aos principais axentes sociais do ámbito territorial de cada comarca, superando a cifra dos 1000 axentes.

Este proceso pretende culminar coa celebración dun **congreso internacional de paisaxe** no que se poidan intercambiar experiencias con outros gobernos e actores implicados na protección, ordenación e xestión da paisaxe.

Os **obxectivos de calidade paisaxística** deben expresar as aspiracións da cidadanía en canto á valoración e grao de compromiso da colectividade na protección das nosas paisaxes. Así mesmo, concretarase no devandito proceso unha proposta de **medidas e accións específicas para acadar ditos obxectivos** de calidade e de recuperación daquelas áre-

as nas que existen ámbitos degradados. Para iso **definiranse unha serie de normas e recomendacións que faciliten a todas as administracións a integración paisaxística nos diferentes instrumentos de xestión e planificación**, prestando especial atención nas **ordenanzas de aplicación no ámbito da administración local**.

Esta liña operativa desenvólvese mediante os seguintes proxectos e obxectivos específicos:

Proxecto	Obxectivo específico
Estudos previos	Avance da identificación e inventariado
	Avance dunha diagnose de partida para o debate
Catálogo das paisaxes de Galicia	Delimitación das grandes áreas paisaxísticas de Galicia
	Identificación dos tipos de paisaxe
	Inventario dos valores paisaxísticos existentes
	Identificación dos ámbitos cun especial estado de deterioro
	Identificación das áreas de especial interese paisaxístico, as cales servirán de base á nova Lei do solo para a regulación do solo rústico de especial protección paisaxística
	Análises das causas procesos e dinámicas
	Diagnoses sobre o estado actual da paisaxe
	Definición dos obxectivos de calidade paisaxística
Directrices da Paisaxe	Establecer as medidas e accións específicas para acadar os obxectivos de calidade paisaxística
	Establecer os indicadores de calidade paisaxística
	Concretar as normas e recomendacións para a súa inclusión nos instrumentos de ordenación e xestión territorial.
	Elaboración de ordenanzas de apoio á administración local

- 1. Serras Orientais**
 1.1 Os Ancares - A Fonsagrada
 1.2 O Courel, O Incio e Samos-Triacastela

- 2. Serras Surorientais**
 2.1 Terra de Trives
 2.2 Terra do Bolo
 2.3 A Gudiña - Ríos

- 3. Chairas e Fosas Luguesas**
 3.1 A Terra Chá
 3.2 Lugo
 3.3 Sarria - Terra de Lemos
 3.4 Terra de Chantada

- 4. Chairas, Fosas e Serras Ourenás**
 4.1 Alto Arnoia
 4.2 Alta Limia
 4.3 Baixa Limia
 4.4 Baixo Arnoia
 4.5 Verín

- 5. Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil**
 5.1 Valdeorras
 5.2 Ribeira Sacra Silense
 5.3 Ribeira Sacra Miñota
 5.4 Fosa de Ourense
 5.5 O Ribeiro

- 6. Costa Sur - Baixo Miño**
 6.1 Costa Sur - Baixo Miño Litoral
 6.2 Baixo Miño Interior
 6.3 O Condado - A Paradanta

- 7. Galicia Central**
 7.1 Terra de Ordes
 7.2 Terra de Santiago - A Barcala
 7.3 Terra de Melide - Arzúa
 7.4 Deza
 7.5 Tabeirós
 7.6 Terra de Montes - Alto Lézor
 7.7 O Carballiño

- 8. Rías Baixas**
 8.1 Muros
 8.2 Arousa - Baixo Ulla
 8.3 Umia - O Salnés
 8.4 Pontevedra
 8.5 Baixo Lézor
 8.6 Vigo Litoral
 8.7 Vigo Prelitoral

- 9. Chairas e Fosas Occidentais**
 9.1 Arco Bergantiñán
 9.2 Bergantiños
 9.3 Costa da Morte
 9.4 Terra de Soneira
 9.5 Terra de Fisterra
 9.6 Terra de Xallas

- 10. Golfo Ártabro**
 10.1 Golfo Ártabro Litoral
 10.2 Golfo Ártabro Interior

- 11. Galicia Setentrional**
 11.1 Rías Altas Litorais
 11.2 Rías Altas Interior
 11.3 Serras e Fosas Setentrionais

- 12. A Mariña - Baixo Eo**
 12.1 A Mariña - Baixo Eo Litoral
 12.2 A Mariña - Baixo Eo Interior



Mapa das Grandes Áreas Paisaxísticas de Galicia



Imaxe dos traballos do Plan de Ordenación do Litoral.
A integración da visión holística nos instrumentos de planificación territorial. A lectura do criptosistema

6.2.2. OX02- Potenciar a integración e a consideración da paisaxe na acción do Goberno.

Este obxectivo se establece de acordo co dito no artigo 5 Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. Nel se establece, entre outros, o mandato para que os poderes públicos velen, no ámbito da súa competencia e da natureza de cada territorio, pola adopción de medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe. Así mesmo establece o deber de integrar a consideración da paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, e nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais e económicas, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.

Para acadar o obxectivo 2 propónse o desenvolvemento nesta nova etapa da estratexia de **dúas liñas estratéxicas** encamiñadas á elaboración e revisión do actual marco legal así como a posta en marcha de accións cara a xestión e o desenvolvemento de actuacións concretas.



*Solución en ponte do corredor ferroviario de alta velocidade no entorno de Santiago de Compostela.
As infraestruturas como elementos configuradores da paisaxe*

LO02. Elaboración de ferramentas de referencia e revisión das normas

Un obxectivo primordial é introducir a consideración da paisaxe na normativa e na práctica das diferentes políticas territoriais e sectoriais e facelo dun xeito coordinado e integrado.

Entre elas destaca a lexislación urbanística e a de ordenación do territorio. Con ocasión da tramitación do **novo proxecto de Lei do solo** se poderá nutrir ao urbanismo dos principios da protección, xestión e ordenación das paisaxes, e para tal fin tamén se poderán deseñar as **ferramentas específicas necesarias, de natureza urbanística, para levar á práctica os criterios e normas que se establecerán por medio das directrices de paisaxe**. Entre elas, a primeira será a **identificación das Áreas de especial interese paisaxístico, que servirán de base para a regulación do solo rústico de especial protección paisaxística**.

Este mesmo obxectivo poderá acometerse con ocasión da revisión ou actualización das restantes leis ou normas reguladoras das materias con incidencia sobre a paisaxe.




Así mesmo, os **instrumentos de planificación territorial ou sectorial que se tiveran aprobado** ao abeiro da correspondente normativa, poden ser obxecto da oportuna mellora, mediante a aplicación de criterios específicos de integración paisaxística, que serían operativos por medio dos plans intermedios, ou proxectos, a través dos cales se produza o desenvolvemento dos anteditos instrumentos de planificación. Un caso paradigmático desta liña operativa pode ser a consideración de criterios de integración paisaxística nos proxectos de desenvolvemento territorial, tal e como vense facendo no Plan Sectorial das Areas Empresariais ou na actual elaboración do Plan director de Acuicultura Litoral.

Cun carácter máis concreto e detallado, e de conformidade co previsto no artigo 12.2 da Lei 7/2008, desenvolveranse **Plans de Acción de Paisaxe en áreas ou espazos protexidos**, que serán integrados nos instrumentos específicos de ordenación previstos na lexislación sobre espazos naturais e conservación da natureza.

Os **criterios de integración paisaxística para as diferentes políticas territoriais ou sectoriais**, así como para os proxectos de desenvolvemento daquelas, quedarán reflectidos e detallados en documentos de carácter técnico (guías, manuais, etc.), que conxuguen funcións técnicas, educativas e divulgativas, pero que tamén poden ser o fundamento para o desenvolvemento da propia normativa.

Neste senso, tamén se inclúe a elaboración de **manuais para o desenvolvemento dos obxectivos de calidade paisaxística establecidos polas directrices de paisaxe**. Trátase de achegar ferramentas para a súa integración nas ordenanzas e documentos normativos.

Proxecto	Obxectivos específicos
Lei do Solo	Dotar das ferramentas urbanísticas para a mellora e posta en valor da paisaxe
Instrumentos de planificación e ordenación territoriais actuais	Complementar os plans sectoriais vixentes cos criterios de integración paisaxística actualizados
	Incorporar o desenvolvemento da dimensión paisaxística nos planes e programas de carácter xeral
	Incorporar o desenvolvemento da dimensión paisaxística nos Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia
Plans de Acción	Dar cumprimento ao artigo 12.2 Lei 7/2008
	Elaboración documento
	Integralo nos instrumentos de ordenación da área protexida ou concreción como Plan de Conservación
Colección Paisaxe Galega (guías e manuais de boas prácticas e/ou instrucións técnicas)	Definir criterios de referencia para os documentos técnicos dos Estudos de Impacto e Integración paisaxística
	Definir os criterios de referencia paisaxística e de sustentabilidade para os establecementos de acuicultura litoral
	Definir os criterios de referencia de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais
	Definir os criterios de referencia de boas prácticas de intervención nos sistemas praia-duna
	Definir os criterios de integración paisaxística dos parques eólicos
	Definir os criterios de integración paisaxística para as explotacións agropecuarias
	Definir criterios de referencia para as actuacións das actividades industriais
	Definir os criterios de integración paisaxística para a ordenación das zonas portuarias
	Definir os criterios de integración paisaxística para as actuacións de concentracións parcelarias
	Definir os criterios de referencia para as actuacións no entorno das estradas e camiños
	Definir os criterios de integración paisaxística para a sinalización urbana e de estradas e camiños
	Definir os criterios de referencia para as actuacións de urbanización e humanización dos espazos públicos .
	Definir os criterios de referencia para a instalación dos elementos dos servizos públicos
	Definir a metodoloxía para a elaboración dos estudos da paisaxe urbana , así como os criterios de planificación e intervención na paisaxe da periferia urbana
	Definir os criterios de referencia para as infraestruturas de saneamento . ITEDAR
	Definir os criterios de referencia para a construción dos peches de Galicia
	Definir os criterios de referencia de integración paisaxística para a intervención nos bens de interese cultural e no seu entorno co especial atención aos Camiños de Santiago .
	Definir os criterios de referencia de integración paisaxística para a sinalización dos elementos de interese turístico
	Desenvolver os obxectivos de calidade paisaxística establecidos polas Directrices de paisaxe a través da súa integración nas ordenanzas municipais e outros documentos normativos.



Portada da próxima guía de criterios de integración paisaxística dos parques eólicos (abaixo) >
 Debuxo dunha construción integrada no seu contorno da Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais (arriba) >

LO03. Integración nos instrumentos de acción ou execución dos criterios para a mellora e recuperación da paisaxe

Directamente ligada coa liña anterior, e de forma complementaria aos proxectos de índole normativa, regulamentaria, técnica ou máis divulgativa que se presentan, ponse en marcha esta liña operativa.

Facilitará a concreción en accións directas, mediante a inclusión homoxénea, en todas as actuacións que afecten ao territorio dos criterios de integración paisaxística nas actuais ferramentas de xestión-execución ou, no seu caso, mediante a definición de novas liñas de axudas.

Así, esta estratexia considera que os criterios de integración paisaxística poden ser aplicados, do modo máis operativo e eficaz, mediante a súa consideración en diversos tipos de proxectos ou actuacións de iniciativa pública.

Con estas accións obteríase un triplo beneficio: a posta en práctica dos criterios técnicos de integración paisaxística (co conseguinte efecto inducido de investigación a respecto dos propios criterios), o efecto exemplarizante cara outros promotores de actuacións con incidencia sobre a paisaxe (públicos e privados), e melloras reais e directas da contorna paisaxística na que se desenvolven as actuacións.



*Imaxe da EDAR de Cervo, cun sistema de filtros verdes de plantas macrófitas en flotación, integrado no seu contorno (esquerda)
Imaxe do vertedoiro de residuos sólidos urbanos selado e restaurado en Negueira de Muñiz (dereita)*

Dun xeito non exhaustivo considéranse alúmenos as seguintes:

Proxecto	Obxectivos específicos
Plan HURBE	Mellorar os espazos públicos das vilas, especialmente no medio rural
ARIS	Rehabilitar e recuperar vivendas nas áreas de rehabilitación con criterios paisaxísticos e coitado da escena urbana
Rehabilitación do Rural	Rehabilitar e recuperar vivendas no rural de Galicia
Proxectos que desenvolvan o Plan Sectorial de Ordenación das áreas empresariais	Considerar na viabilidade dos proxectos empresariais a súa integración paisaxística
Sendas verdes e vías ciclistas urbanas e interurbanas	Contribuír á definición da integración paisaxística das sendas verdes e vías ciclistas urbanas e interurbanas
Puntos de vertido	Mellorar a integración paisaxísticas das EDAR e dos puntos de vertido
Vertedoiros RSU	Contribuír á supresión e o fin dos vertedoiros non autorizados



*Imaxe da reurbanización da Praza do Cantiño e paseo interior da muralla de Lugo (ARI) (esquerda)
Imaxe do acondicionamento da travesía dun núcleo da periferia rural da vila de Sarria ao paso do Camiño de Santiago (dereita)
Imaxe do acondicionamento do acceso ao núcleo de Romariz, no concello de Riós, encadrado no Plan HURBE >*



Imaxes dos debuxos realizados por alumnos e alumnas do programa 12 meses 12 paisaxes, integrado no proxecto Plan Proxecta da liña operativa LO04 Educación, que desenvolve o terceiro obxectivo xeral do Plan operativo

6.2.3.- OX03 - Avanzar na formación técnica e profesional en particular, e na concienciación social en xeral.

Alguén dixo que somos froito do que nos rodea e que a nosa calidade de vida é o reflexo de como tratamos o noso contorno. Nesta liña de pensamento, o Convenio Europeo da Paisaxe (CEP) (2000) defende que esta contribúe á formación das culturas locais, sendo un compoñente fundamental do seu patrimonio natural e cultural.

Baixo este obxectivo xeral está a razón de ser da Estratexia Galega da Paisaxe, pois en definitiva o eixe vertebrador da estratexia dunha nova cultura do territorio, dunha mirada contemporánea da paisaxe, reside, sen dúbida, "no seu coñecemento". A comprensión da relación entre as persoas e os lugares, e a posta en valor desta relación desde a propia identidade é unha liña básica do noso traballo, e non por ser o terceiro obxectivo xeral é menos importante.

Por iso, en Galicia debemos aspirar a unha cultura específica sobre as nosas paisaxes, máis aló das leis e normas que os regulen. Un chamamento que interpela ao conxunto da sociedade para poñer en marcha procesos capaces de construír unha nova "cultura territorial e paisaxística". Un reto que se debe encarar desde os valores da eficiencia ambiental e a cohesión social.

O artigo 6 do CEP insta aos países asinantes ao desenvolvemento de medidas específicas en materia de sensibilización da sociedade civil, as organizacións privadas e as autoridades públicas respecto ao valor da paisaxe. Así como á formación de especialistas na valoración e intervención na paisaxe a través programas pluridisciplinares de formación en política, protección, xestión e ordenación das paisaxes con destino a profesionais do sector privado e público e ás asociacións interesadas. E, finalmente, recomenda o desenvolvemento de cursos, tanto escolares como universitarios que aborden os valores relacionados coa paisaxe e a súa adecuada xestión.

A lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da Paisaxe de Galicia se alínea con este eixe de actuación do Convenio, dedicando o seu capítulo IV ao desenvolvemento de instrumentos de organización, sensibilización e concertación de políticas de paisaxe. No artigo 14 do citado capítulo, se insta á Xunta ao fomento e á incorporación da materia de paisaxe nos distintos ciclos educativos, e á promoción da formación de especialistas en materia de intervención na paisaxe.

As actuacións previstas contemplan no eido científico, avanzar no coñecemento da complexidade estrutural e dinámica das nosas paisaxes, desde postulados interdisciplinares, a diversas escalas de análise. Así como no papel que pode chegar a xogar a aprendizaxe emocional, como medio para aproximarse ás paisaxes vividas.

"A implicación activa da poboación supón que o coñecemento especializado sexa accesible a todos, é dicir, que sexa facilmente accesible, estruturado e presentado dun modo que poida ser comprendido mesmo por non especialistas". Informe emitido polo Comité de Ministros aos Estados membros sobre as orientacións para a aplicación do Convenio Europeo da Paisaxe CM/Rec (2008).

A arma máis poderosa para a creación dunha cultura renovada da paisaxe é a educación.



Imaxe do evento de formación "Taller internacional de paisaxe para profesionais", Lalín 2012 >

LO04 – Educación

Esta liña operativa desenvólvese mediante dous proxectos, tal e como amosa o seguinte cadro.

Proxecto	Obxectivos específicos
Plan Proxecta	Incorporación da paisaxe nos ciclos de educación infantil, primaria e secundaria
Formación dos técnicos e especialistas	Aprender a ler e interpretar o carácter das paisaxes de Galicia
	Cualificar e caracterizar as dinámicas e procesos da paisaxe
	Proxectar e intervir sobre as paisaxes dun xeito integrador

Plan Proxecta

Este programa xa iniciado na anterior etapa, está dirixido preferentemente á comunidade educativa, que bautizouse co nome de 12 meses-12 paisaxes no primeiro ano e iniciou a súa andaina na gran área paisaxística das Serras Suro-orientais, en dos pequenos centros ourensás, o CEIP de Casaio en Carballeda de Valdeorras e no CEIP das Vendas da Barreira en Riós.

A integración desta formación no Plan Proxecta a través do programa Sustentabilidade e Paisaxe conta na actualidade con 44 centros, máis de 370 profesores e máis de 5.000 alumnos participantes. Unhas cifras sen precedentes en formación na paisaxe. Cómpre destacar tamén a continuidade da colaboración no Proxecto Terra, xunto co COAG e a Consellería de Educación; no Proxecto Ríos, xunto con Augas de Galicia e Adega; e no Programa Conciencia, da Fundación Eduardo Pondal.

Neste sentido o obxectivo é seguir potenciando esta liña mediante a renovación do material educativo para Primaria e Secundaria, así como a xeración de materiais de apoio ou talleres que incidan na apreciación do valor da paisaxe entre a comunidade escolar e na aprendizaxe da súa lectura, para poder comprender as súas transformacións.

“O noso futuro non dependerá de que mundo deixemos aos nosos fillos, senón de que fillos deixemos ao noso mundo”.

Federico Mayor Zaragoza



Imaxe dun evento do programa 12 meses 12 paisaxes, integrado no proxecto Plan Proxecta >

Formación dos técnicos e especialistas

O proxecto da formación dos técnicos e especialistas está claramente orientado á aplicación profesional, aínda que cunha forte compoñente académica, que incorpora os enfoques das principais disciplinas vinculadas ao estudo do territorio e a paisaxe. O ambicioso obxectivo é acadar un marco metodolóxico común e unha linguaxe compartida. Da mesma maneira, suporá a aproximación multisectorial e multiescalar para dotar aos especialistas e ao conxunto da sociedade do coñecemento necesario para a protección, xestión e ordenación da paisaxe.

Unha proposta formativa cunha inequívoca vocación práctica que se substanciará mediante o desenvolvemento de talleres e escenarios de aprendizaxe baseados na resolución de casos prácticos sobre paisaxes do territorio galego a diferentes escalas.

En definitiva, o obxectivo estratéxico do programa é que os responsables, técnicos e profesionais con competencias ou incidencia directa sobre a paisaxe actualicen e compartan os seus coñecementos sobre as cuestións esenciais da súa xestión, ata alcanzar un número suficiente de especialistas no conxunto da administración, nas súas diversas instancias. Todo un proceso que vinculará estreitamente ao mundo universitario na súa posta en práctica, a través da súa oferta regulada e das súas investigacións. E, sobre todo, ao conxunto da nosa sociedade para que cale o discurso dunha nova cultura do territorio. O comezo está previsto para o inicio do ano, e o seu desenvolvemento en tres bloques separados, un de lectura e análise, outro de análise e interpretación e o terceiro en formato de escola de verán de proxecto e intervención.



Imaxes didácticas dalgunhas das estratexias de integración paisaxística propostas na Guía de estudos de impacto e integración paisaxística, como ferramenta para a formación de técnicos e especialistas. Estratexia de fusión (esquerda) e estratexia de mimetización (dereita)

LO05 – Voluntariado

Nesta nova liña preténdese fomentar a incorporación, máis aló da formación, da acción sobre o noso territorio cos criterios de integración paisaxística que xurdan do proceso da elaboración das Directrices da Paisaxe de Galicia.

Para elo propónse a revisión dos proxectos xa postos en marcha como son o proxecto ríos e os de voluntariado ambiental, así como a posta en marcha dun específico sobre a paisaxe, cara a sensibilizar e infundir nos participantes criterios e coñecementos básicos sobre a concienciación ambiental e a recuperación das paisaxes

LO06 - Divulgación e concienciación

Esta liña operativa desenvólvese mediante dous proxectos tal e como amosa o seguinte cadro.

Proxecto	Obxectivos específicos
Somos paisaxe	Dotar de ferramentas á sociedade
	Difundir os materiais, xerar foros de debate e participación nas redes
	Participando da miña paisaxe
	Desfrutar da miña paisaxe
Paisaxe Galega	Dotar de ferramentas á sociedade
	Recoñecer as boas prácticas que sirvan de exemplo para outros

Somos paisaxe

Baixo este proxecto preténdese o establecemento de programas de difusión na procura dunha comunicación atractiva das complexas dinámicas territoriais e paisaxísticas para facilitar a incorporación da poboación e os axentes sociais a un debate rigoroso cara a construción dunha Galicia Sustentable en base ao desenvolvemento dos potenciais que nos son endóxeos. Os principios inspiradores deste proxecto concordan co establecido no artigo 2 da Lei 7/2008. Así, preténdese establecer mecanismos de participación social na toma de decisións e na definición das políticas da paisaxe; fomentar a sensibilización da sociedade galega no referente ao valor da paisaxe, da súa importancia e funcións.

Por elo desenvolveranse actividades específicas sobre a importancia e divulgación da paisaxe, fomentando a incorporación da paisaxe nos ciclos educativos, e promoverase a formación e intervención de especialistas en materia da paisaxe. Trátase de actuacións conxuntas singulares de educación, formación, sensibilización e participación e de interese xeral.


Para este cometido estableceranse alianzas con organizacións da sociedade civil seguindo a filosofía de *civilscapes* desenvolvida no seo da Unión Europea.

Paisaxe Galega

A marca Paisaxe Galega púxose en marcha coa Estratexia da Paisaxe na etapa anterior, sendo aplicada polo momento unicamente no eido do recoñecemento das mellores accións dentro do proxecto educativo 12 meses 12 paisaxes, polo tanto propónse incentivar a conversión do termo “Paisaxe Galega” en marca de calidade que será outorgada á aqueles proxectos ou actuacións, tanto públicas como privadas que sexan salientables pola súa axeitada integración paisaxística. Un selo de recoñecemento que intentará por de relevo que existen outras formas de facer as cousas nas nosas paisaxes. Unha aposta pola calidade paisaxística que aspira a converterse nun referente dentro da Comunidade.

Para elo propónse o desenvolvemento de concursos e convocatorias públicos e privados.

Imaxe dunha actividade de formación e concienciación en paisaxe de guías e monitores de tempo libre >





*Camión pola Devesa da Rogueira (O Courel)
Paisaxe onde dominan as dinámicas naturais*

7. ASPECTOS QUE INCIDIRÁN NUNHA MAIOR SATISFACIÓN DOS CIDADÁNS

Neste momento, en cumprimento da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, é necesario poñer en marcha o proceso de participación cidadá para que a poboación local, ben sexan residentes locais formal ou informalmente organizados e individuos que viven e/ou traballan nunha área en particular, e os visitantes que demostren un interese particular nunha zona concreta, así como o público interesado, en xeral, poidan definir e valorar as súas paisaxes. O fin último do proceso de participación cidadá é chegar a coñecer cal é a paisaxe desexada polo conxunto da poboación, seguindo o precepto da Carta Europea da Paisaxe de “identificar as aspiracións das poboacións respecto ó entorno no que viven”.

- **Ofrece transparencia** (e, en consecuencia, maior defensa para o cidadán): Este proceso, para facer partícipes aos cidadáns na toma de decisións sobre as súas paisaxes, debe basearse na transparencia das actuacións da administración e no dereito a participar da sociedade.
- **Atende ás demandas da cidadanía**, de participar nos asuntos públicos: Para levar a cabo o proceso de participación pública é necesario empregar métodos e mecanismos que faciliten, fomenten e sobre todo garanten de forma efectiva os dereitos dos cidadáns en materia de participación.
- **Aporta maior seguridade xurídica ao cidadán**: Todo este proceso ten que estar ao servizo da participación activa e significativa da poboación, sobre todo da local, á hora de expresar as súas aspiracións na fixación dos obxectivos de calidade paisaxística, como paso previo e necesario na protección e posta en valor das nosas paisaxes.

8. CONCLUSIÓN

A Xunta está a desenvolver as medidas integradas na Estrategia da Paisaxe de Galicia, co fin de protexer e preservar os elementos máis significativos e característicos das diferentes paisaxes da nosa Comunidade Autónoma; e imbuír a consideración da paisaxe en tódalas políticas territoriais e sectoriais da Xunta de Galicia.

Sen dúbida, a sociedade é consciente do valor da paisaxe galega: hai unha idea común de beleza, de singularidade, de riqueza ambiental inherente ao noso territorio e á nosa paisaxe.